



BASES DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL TEMPORAL INVESTIGADOR PARA A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE MEDICINA XENÓMICA VENCELLADO Ó PROXECTO DE INVESTIGACIÓN DO SUBPROGRAMA RETOS-COLABORACIÓN 2016 "Desarrollo de kits diagnósticos mediante PCR en formato gelificado para enfermedades genéticas y parasitarias" (RTC-2016-5245-1)

co financiamento do Ministerio de Economía, Industria y Competitividad e da Unión Europea.

A Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica (FPGMX), en virtude das atribucións que en materia de selección e contratación de persoal lle son conferidas polos seus Estatutos e pola Lei 16/2010 de 17 de decembro de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico, e ó abeiro da Resolución do 16 de decembro de 2016, da *Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación e Presidenta da Agencia Estatal de Investigación* pola que se conceden axudas a proxectos de I+D+I correspondentes ó *Programa Estatal de Investigación, Desenvolvemento e Innovación orientada a los Retos de la Sociedad* no marco do *Plan Estatal de Investigación Científica y Técnica y de Innovación 2013-2016* – expediente RTC-2016-5245-1-, convócase proceso de selección de persoal temporal para a contratación de persoal investigador coas seguintes bases.

BASES DA CONVOCATORIA

1.- OBXECTO DO PROCESO.

O obxecto desta convocatoria é a selección de persoal temporal para a contratación temporal de persoal investigador para a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, dacordo co disposto na Lei 16/2010.

Desenvolverá os labores necesarios para a categoría do posto a desempeñar.

GRUPO	DENOMINACIÓN CATEGORÍA	PAZAS CONVOCADAS	REQUISITOS	POSTO DE TRABAJO	TIPO CONTRATO
A	Persoal investigador	1	Licenciado/Grao Bioloxía, Bioquímica ou Biotecnoloxía	<input checked="" type="checkbox"/> Apoio á investigación	<input checked="" type="checkbox"/> Obra/servizo asociada a proxecto de investigación ata o 31/12/2018

O contrato a celebrar co aspirante seleccionado axustarase ó disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

2. REQUISITOS DE ADMISIÓN

Todos os requisitos esixidos nestas bases deberanse posuír polos candidatos na data de remate do prazo de presentación de instancias.

As titulacións obtidas no estranxeiro han de estar homologadas en España.

1.- Requisitos:

a. Nacionalidade.

1. Ter nacionalidade española.
2. Ser nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea.
3. Ser nacional dalgún Estado no que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
4. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, cando así o prevexa o correspondente tratado, e dos nacionais dalgún Estado ó que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe menores de vinte e un anos ou maiores de devandita idade que vivan ás súas expensas.
5. Tamén poderán participar os que non estando incluídos nas situacións anteriores descritas, se atopen en España en situación de legalidade sendo titulares dun documento que lles habilite a residir e a poder acceder sen limitación ó mercado laboral.

b. Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder da idade de xubilación forzosa no momento de presentación da solicitude.

c. Estar en posesión dalgunha das titulacións esixidas.

d. Non ser separado do servizo, mediante expediente disciplinario, de calquera servizo de saúde ou Administración pública non seis anos anteriores á convocatoria, nin estar

inhabilitado con carácter firme para o exercicio de funcións públicas nin, se é o caso, para a correspondente profesión.

No caso dos nacionais doutros Estados sinalados no parágrafo a), non atoparse inhabilitado por sanción ou pena, para o exercicio profesional ou para o acceso a funcións ou servizos públicos nun Estado membro, nin ser separado, por sanción disciplinaria, dalgunha das administracións ou servizos públicos nos seis anos anteriores á convocatoria.

- e. Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións que se deriven do correspondente contrato.

Para a protección da seguridade e saúde dos profesionais e da calidade asistencial, a Fundación poderá requirir, en calquera momento, do órgano competente, no transcurso dalgún contrato e a través do procedemento que para o efecto se estableza, a verificación do mantemento da capacidade funcional das persoas aspirantes cando por razón das ausencias destas no transcurso de contratos precedentes ou de calquera outra circunstancia, resulte necesario determinar a súa aptitude para futuras contratacións.

Se como resultado da valoración se conclúise que a persoa aspirante non reúne a capacidade funcional necesaria, esta manterase en situación de suspensión de chamamentos na lista ata a recuperación do devandito requisito. No entanto, a persoa aspirante suspendida poderá solicitar a revisión da súa capacidade funcional, de considerar que se produciu unha mudanza desta, ante o citado órgano.

- f. Aportar toda a documentación esixida para o posto dentro do prazo establecido.

ó se presentaren a este proceso, asímese que os candidatos coñecen e aceptan as bases da convocatoria.

3. LUGARES DE INFORMACIÓN E RECOLLIDA DE SOLICITUDES

Durante todo o proceso de selección a información será facilitada no seguinte enderezo:

Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica
Hospital Clínico Universitario, Edificio consultas planta menos 2
15706 SANTIAGO
Tfno. 981 95 14 90/91 – Fax 981 95 14 73
medicinaxenomica.santiago@sergas.es

O horario para todas as fases do proceso (inicio e remate dos diferentes prazos) así como para información será de 09:00 a 14:00 h., de luns a venres.

4. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días naturais a contar desde o día seguinte ó da súa publicación na web do Servizo Galego de Saúde-apartado Recursos Humanos-Outros Procesos Selectivos (<http://www.sergas.es/Recursos-Humanos/FP-Galega-de-Medicina-Xenomica>).

As solicitudes e a documentación anexa que conteña a xustificación dos requisitos e méritos presentaranse na Fundación ou a través de calquera dos rexistros previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os aspirantes deberán entregar a seguinte documentación:

1. Solicitud asinada en modelo oficial e folla de autobaremo. Anexo II e III.
2. Fotocopia do DNI ou pasaporte. Os estranxeiros deberán acreditar documentalmente as circunstancias establecidas no punto 2.1.a.
3. Xustificante de ter aboadas as taxas.
4. Copia compulsada da titulación esixida ou xustificante da súa solicitude aboando os correspondentes dereitos para a súa obtención.
5. Copia compulsada dos contratos de traballo e/ou certificados de servizos prestados (con indicación expresa do servizo, unidade, da categoría profesional e dos días traballados) e achega da vida laboral emitida polo Instituto Nacional da Seguridade Social (ou documento oficial análogo no caso de experiencia no estranxeiro). Imprescindible ámbolos dous documentos.

Toda a documentación en idioma distinto do castelán ou galego, deberá ir acompañada de tradución oficial.

5. SISTEMA DE SELECCIÓN

O proceso selectivo ten 2 fases e só se terán en conta os méritos que o/a interesado/a reúna, na data de publicación da convocatoria e acredite no prazo de presentación das instancias:

1. A primeira fase consiste na valoración dos méritos dos candidatos de conformidade co baremo oficial publicado como Anexo I. A puntuación máxima da fase de baremación

será de 9 puntos (7 puntos no apartado de experiencia profesional acreditada; 2 puntos no de formación e outros méritos).

2. Realización pola Comisión de Valoración dunha entrevista. A entrevista versará sobre a área de traballo correspondente ó posto ó que opta o candidato. A puntuación máxima desta fase será de 1 punto.

6. COMISIÓN DE VALORACIÓN

Co gallo da selección constituírase unha Comisión de Valoración, que terá por obxecto garantir e supervisar o desenvolvemento axeitado do proceso en tódalas súas fases. Todos os membros teñen un nivel académico igual ou superior ó posto ofertado.

A Comisión será paritaria, nos termos establecidos no artigo 36 da lei 7/2004 galega de igualdade - modificado pola disposición adicional primeira la lei 2/2007 do traballo en igualdade- e está composta por:

- 1 Director/a de FPGMX.
- 1 Xefe de laboratorio da FPGMX.
- 1 Titulado/a Superior ou investigador/a da FPGMX.

7. PROCEDEMENTO E TRAMITACIÓN

Os aspirantes quedan vencellados ós datos que fixeron constar na súa solicitude. O enderezo que figura na mesma considerárase o único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do candidato, tanto os erros na consignación del, como a non comunicación de cambios de enderezo.

- **Admisión de aspirantes, baremación de méritos, entrevista e publicación de resultados:** rematada a fase de celebración de entrevista publicarase a Listaxe Provisional de Admitidos e Excluídos e puntuacións provisionais e disporase dun prazo de reclamacións de 3 días hábiles, a contar desde o día seguinte á publicación da devandita Listaxe.

Tódalas reclamacións que se realicen durante o proceso de selección deberán ser remitidas polo interesado á Comisión mediante o seu rexistro nas instalacións da FPGMX ou a través de calquera dos rexistros previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Tramitadas tódalas reclamacións, e realizadas cando proceda as oportunas correccións, procederáse á publicación das listaxes definitivas do proceso coa puntuación total acadada e establecendo unha orde de prelación. Para este efecto a estimación das reclamacións entenderanse implícitas nesta publicación.

En calquera momento do proceso se a Comisión tivese coñecemento dalgún aspirante que non cumpre con algún dos requisitos esixidos pola convocatoria, logo da audiencia do interesado/a, deberá acordar a súa exclusión se procede.

Asimesmo a Comisión poderá solicitar a ampliación ou aclaración da documentación ós aspirantes, para os efectos da valoración dos méritos.

- A notificación realizarase de xeito que quede constancia formal da súa recepción e se o/s seleccionado/s non responde/n ó chamamento no prazo de tres días, a Fundación entenderá que rexeita a contratación, e procederáse o chamamento do/a seguinte candidato/a.
- Ó remate do proceso selectivo poderase confeccionar listaxe por orde de puntuación para contratacións temporais posteriores, sempre que os candidatos non manifesten expresamente a súa negativa (xúntanse como Anexo IV as bases reguladoras de xestión da devandita listaxe no caso de que proceda).

8. LIQUIDACIÓN DE TAXAS

Os candidatos interesados en presentarse ó proceso de selección deberán xuntar á súa Os candidatos interesados en presentarse ó proceso de selección deberán xuntar á súa solicitude, o xustificante de ter ingresado na conta do BANCO SANTANDER CENTRAL HISPANO ES51 0049 2584 90 2214181947 o importe correspondente ó posto o que se presenta referindo "**RETOS 2016-Nome e apelidos do candidato**".

O importe a liquidar para a participación neste proceso de selección é o que se relaciona.

GRUPO	IMPORTE
GRUPO A	40,74 €

Estarán exentos do abono das taxas, amais dos candidatos/as que acrediten unha discapacidade igual ou superior ó 33%, os membros de familias numerosas de categoría especial, que no caso de seren categoría xeral terán unha bonificación do 50%. Tamén terán dereito á bonificación do 50%, os candidatos que figurasen como demandantes de emprego desde, polo menos 6 meses antes á data da convocatoria e non perciban prestación ou subsidio por desemprego.

ANEXO I

BAREMO DE MÉRITOS

Os méritos a valorar, que se computarán ata a data inmediatamente anterior á da publicación do anuncio da presente convocatoria son os que se relacionan de seguido.

POSTO PERSOAL INVESTIGADOR – RETOS COLABORACIÓN 2016

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL ACREDITADA

Directamente relacionada coa actividade de:


CONCEPTO	PUNTOS
Técnicas de secuenciación Sanger, secuenciación de nova xeración (NGS) e xenotipado a partir de amplificación por PCR do xenoma humano.	x 0,2/mes
TOTAL EXPERIENCIA (máximo 7 puntos)	

B) FORMACIÓN E MÉRITOS

CONCEPTO	PUNTOS
Outras titulacións na Área de Ciencias da Saúde / Diploma de Estudos Avanzados (DEA) ou Traballo de Fin de Máster (TFM) na Área de Ciencias da Saúde / Programas Oficiais de Posgró na Área de Ciencias da Saúde.	0,5/master oficial 0,5/outra titulación 0,5/DEA ou TFM
Asistencia debidamente xustificada a cursos de formación e perfeccionamento, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias do posto ó que opta.	X 0,01/hora X 0,1/crédito
Prácticas formativas en técnicas xenético-moleculares acreditadas mediante certificación da institución correspondente.	X 0.05/mes
TOTAL FORMACIÓN E MÉRITOS (máximo 2 puntos)	



Fundación Pública Galega
de Medicina Xenómica



ESG-15.926.488

Hospital Clínico, Edif.Consultas
planta menos 2.
15706 SANTIAGO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



**SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE**

8/15

ANEXO II

MODELO DE INSTANCIA PARA A PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS Ó PROCESO SELECTIVO CON CARÁCTER TEMPORAL DA FUNDACIÓN P.GALEGA DE MEDICINA XENÓMICA

NOME: _____	APELIDOS: _____
DNI (prégase sinalar a letra NIF) : _____	
ENDEREZO: (a efectos de notificacións)	_____
TELÉFONOS DE CONTACTO:	Tfno.1: _____ Tfno.2: _____ Tfno.3: _____
Enderezo electrónico:	_____

Mediante esta instancia, solicito a inclusión da miña candidatura no proceso de selección e autorizo á Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica á publicación dos resultados nos que consten os meus datos persoais, segundo o establecido nas bases da convocatoria.

Posto ó que se presenta (sinala cun X):

TITULADO/A SUPERIOR NON SANITARIO -INVESTIGADOR RETOS 2016

Documentación aportada para o proceso (sinala cun X) xuntamente a esta instancia:

- FOTOCOPIA DO DNI OU PASAPORTE.
- XUSTIFICANTE DE TER ABOADAS AS TAXAS.
- FOLLA DE AUTOBAREMO.
- COPIA DO CURRÍCULUM VITAE.
- COPIA COMPULSADA DA TITULACIÓN OFICIAL ESIXIDA.
- COPIA COMPULSADA DOUTRAS TITULACIÓNS OFICIAIS/PROGRAMAS OFIC.POSGRAO,...
- COPIA COMPULSADA DE CONTRATOS DE TRABALLO E/OU DOS CERTIFICADOS DE SERVIZOS PRESTADOS.
- COPIA COMPULSADA OU ORIXINAL DA VIDA LABORAL ACTUALIZADA.
- COPIA COMPULSADA DOS DIPLOMAS ACREDITATIVOS DE CURSOS/CERTIFICACIÓNS, con indicación expresa do temario e horas docentes (nos que proceda).
- OUTROS.

ESPAZO RESERVADO PARA O REXISTRO NA FPGMX


Asdo.

Para poder ser admitida a candidatura é imprescindible a entrega deste modelo asinado xunto coa documentación que o candidato desexe achegar. As instancias dirixiranse á Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, Hospital Clínico Universitario, Edificio Consultas planta menos 2 (15706 SANTIAGO), en horario de 09:00 a 14:00 horas.

A/A: FUNDACIÓN P.GALEGA M.XENÓMICA



Fundación Pública Galega
de Medicina Xenómica



ESG-15.926.488

Hospital Clínico, Edif.Consultas

planta menos 2.

15706 SANTIAGO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



**SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE**

9/15

ANEXO III

FOLLA DE AUTOBAREMO

AUTOEVALUACIÓN DE EXPERIENCIA

INSTITUCIÓN	CATEGORÍA / PUESTO	Nº meses	Puntos x mes	= TOTAL PUNTOS
TOTAL EXPERIENCIA (máximo 7 puntos)				





AUTOEVALUACIÓN DE FORMACIÓN E MÉRITOS

INSTITUCIÓN	NOME titulación / curso formación / prácticas	Nº certificación / horas /créditos /mes	Puntos: x certificac./ hora ou crédito /x mes	= TOTAL PUNTOS
TOTAL FORMACIÓN E MÉRITOS (máximo 2 puntos)				

A persoa que asina DECLARA que son certos os datos consignados, e comprométese a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

Asdo.....

En _____, a ____ de _____ de 2017

 <p>Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica</p> 	<p>ESG-15.926.488 Hospital Clínico, Edif.Consultas planta menos 2. <u>15706 SANTIAGO</u></p>	 <p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE SANIDADE</p>  <p>SERVIZO GALEGO de SAÚDE</p>
---	---	---

10/15

ANEXO IV: BASES REGULADORAS LISTA DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAL TÉCNICO INVESTIGADOR (PROGRAMA RETOS 2016 – co financiamento do Ministerio de Economía, Industria y Competitividad e da Unión Europea-).

Primeira. Comisión de Seguemento

Ante a ausencia de representación sindical do centro de traballo, constituirase unha COMISIÓN DE SEGUEMENTO integrada por **catro membros**, dous designados pola Fundación e dous polos traballadores da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica.

A Comisión será paritaria, nos termos establecidos no artigo 36 da lei 7/2004 galega de igualdade - modificado pola disposición adicional primeira la lei 2/2007 do traballo en igualdade-.

A presidencia da Comisión correspóndelle a un membro designado pola Fundación, actuando con voz e voto, e como secretario outro dos seus representantes.

Considéranse partes implicadas os Representantes da Fundación e dos traballadores que formen parte da Comisión de Seguemento no momento da súa constitución, ou ben aqueles outros que fosen nomeados oficialmente como substitutos destes.

En ningún caso as partes poderán superar o número de dous membros con voz e voto.

Os acordos adoptaranse por maioría dos presentes, requeríndose un quórum de tres persoas, sendo decisivo en caso de empate o voto do presidente.

A Comisión reunirase con carácter ordinario unha vez ao ano, e con carácter extraordinario nas ocasións que se requiera ou que sexa preciso.

A solicitude de convocatoria extraordinaria farase por escrito, cando alomenos un dos membros da Comisión así o requira, cunha antelación mínima de 48 horas, e facendo constar necesariamente a orde do día.

A *Comisión*, terá como competencias principais:

- Resolver as incidencias e controversias que deriven da publicación das presentes Bases Reguladoras.
- Control e seguemento das Bases Reguladoras.

- Exercer o control da execución do chamamento ós aspirantes.

Asemade a Comisión está facultada para establecer as modificacións pertinentes nas presentes Bases sempre e cando así o considere oportuno.

Segunda.- Vixencia da Lista

A Lista de Contratación Temporal derivada do proceso selectivo aquí sinalado terá unha **vixencia idéntica á do período de financiamento da Convocatoria RETOS-Colaboración 2016.**

Terceira. Xestión da Lista

A xestión da lista será levada a cabo pola Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica.

3.1 OPERATIVA:

- 1.** Serán **incluídos na Lista de Contratación Temporal** tódolos aspirantes que tiveran superado o proceso selectivo de referencia, agás aqueles que manifesten expresamente a súa negativa mediante escrito dirixido á Comisión de Seguemento.
- 2.** As chamadas efectuaranse por **riguroso orde de puntuación.**
- 3. Para as contratacións,** os aspirantes serán avisados mediante chamada telefónica, quedando constancia nun libro rexistro das chamadas efectuadas, o día e a hora, o obxecto da chamada así como a identidade da persoa que realiza a mesma, amais das incidencias que sexa preciso anotar como é a identidade da persoa receptora da chamada de ser distinta da persoa aspirante.
- 4.** Nos chamamentos para contratos de curta duración e/ou de carácter urxente efectuaranse dúas chamadas. Se realizadas éstas non se tivese contactado coa persoa aspirante, poderán seguirse os chamamentos pola orde correspondente. Nos restantes chamamentos nos que medie un prazo de antelación suficiente á data de inicio do vínculo, efectuaranse un mínimo de tres chamadas.

- 5.** Sempre que exista renuncia a unha contratación, será necesario que o candidato indique a súa **data de disponibilidad**, sendo o aspirante o encargado de informar á Fundación se está en disposición de voltar de novo á Lista ou non.

En caso de que non se poida indicar data algunha, marcarase o *último día de vixencia da lista* como data estimada, poidendo ser actualizada no momento en que o candidato informe da variación.

Por cada periodo de contratación ofrecido admitirase un único xustificante, que será considerado válido con que quede xustificado alomenos un día dentro do periodo ofrecido.

Non se admitirán xustificantes de data de disponibilidad que non respondan a unha chamada de ofrecemento de contratación.

- 6.** Cando se trate de contratos de **redución de xornada por motivos familiares**, ofreceranse de xeito voluntario entre tódolos integrantes da Lista (por orde de puntuación) nunha primeira ronda de chamadas sen sanción. De ser necesaria unha segunda ronda actuarase como se se tratase dun ofrecemento de contrato normal, sendo necesario xustificar o motivo da renuncia, se é o caso.

- 7.** Unha vez formalizados contratos que sumen un periodo de tempo igual ou superior a un ano (360 días), o aspirante será **suspendido da Lista** durante tres meses (90 días), sempre e cando existan suficientes candidatos para garantir a correcta cobertura dos postos, e co obxecto de favorecer a rotación dos aspirantes incluídos na Lista.

- 8.** Poderanse **encadear contratos de interinidade** para cubrir a un mesmo traballador, sempre e cando transcurran menos de 48 horas entre un contrato e o seguinte, correspondéndolle ó candidato que estivera ata o momento cubrindo o posto. Ao abeiro da normativa vixente na data de confección destas bases, contratarase nesta modalidade ao persoal temporal para a cobertura das situacións de suspensión do contrato con dereito á reserva de posto de traballo (I.T., excedencia por maternidade ou coidado de fillos ou de familiares, risco durante o embarazo ou lactación, etc) así como para a cobertura de postos de traballo durante o tempo que dure o proceso selectivo.

3.2 SUSPENSIÓN CAUTELAR DAS OFERTAS DE CONTRATACIÓN:

1. Respectando a normativa laboral de aplicación, en ningún caso se poderán ofertar contratacións nos seguintes supostos:
 - Cando o candidato teña vacacións pendentes de disfrute, xa que a súa situación considérase asemellada ó alta. Haberá que agardar un periodo de carencia equivalente ós días de vacacións pendentes de disfrutar.
 - Cando a suma dos seus días de alta a través de contratos eventuais supere o máximo establecido pola lexislación vixente. Será necesario respectar o periodo indicado na norma de referencia para ofrecer un novo contrato eventual.
 - Cando por calquera outra causa o ofrecemento dunha nova contratación entre en contradicción coa normativa laboral vixente.
2. Non serán ofrecidas contratacións a mulleres embarazadas ou en periodo de lactancia naqueles postos que supoñan un perigo para a súa saúde.

As aspirantes teñen a obriga de comunicar a súa situación de embarazo ou lactancia no momento de serlle ofrecida a contratación. Así mesmo, será a aspirante a encargada de informar á Fundación cando a súa situación de risco remita, momento no que volverá ser incluída na Lista.

Polo que respecta ás condicións de traballo, sinalar que cos candidatos a contratar subscribírase un contrato laboral ao que lle será de aplicación o RD Lexislativo 2/2015 de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e demais disposicións aplicables e pactos que podan subscribir as partes.

As condicións do contrato de traballo serán en réxime de dereito laboral, de duración determinada.

3.3 SANCIÓN:

Considéranse causas xustificables:

- Ter outro contrato en vigor.
- Ter outra proposta firme de contrato que sexa considerada mellor que a ofertada pola Fundación, é dicir, en calquera destes dous supostos:

A.- Dun 50% de tempo máis.

B.- Dun mes máis.

Para os ofrecementos de contratos de interinidade dos que non se coñeza a data de remate, será necesario que o candidato acredite a oferta dun contrato de alomenos 6 meses para xustificar a súa renuncia.

- Descanso legal por maternidade, paternidade ou adopción legal.
- Descanso por casamento ou constitución de parella de feito (máximo 15 días posteriores á data de celebración do casamento ou de constitución de parella de feito).
- Falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade.
- Enfermidade debidamente acreditada.
- Asistencia a exames oficiais.
- Acreditación de coidado de menores de 3 anos ou familiares ata segundo grao con discapacidade.
- Acreditación de participación en programas de cooperación internacional debidamente autorizados e ó servizo de organizacións de eido internacional.
- Calquera outra causa que considere oportuna a Comisión de Seguemento e da que teña coñecemento a través de escrito fundamentado do candidato.

En calquera caso o aspirante está obrigado a presentar a documentación que acredite esta causa xustificable para a renuncia do contrato durante os 15 días hábiles posteriores á comunicación, do contrario seguirase o mesmo procedemento que se aplica para as causas non xustificables.

As sancións que se relacionan serán de aplicación automática pola Fundación:

1. No caso de non existir **causa xustificable** para a **renuncia dun contrato (ofertado, comprometido ou asinado)**, o aspirante pasará ó último lugar na Lista. Se a renuncia se produce unha segunda vez de xeito inxustificado o aspirante será excluído definitivamente da Lista.
2. Cando un candidato **non supere o periodo de proba** (previsto no contrato) dun contrato formalizado, será eliminado da Lista.

A Fundación terá constancia da non superación dos periodos de proba a través dun informe de valoración remitido polo superior xerárquico do traballador/a. Neste caso o traballador/a afectado será informado da non superación (coas consecuencias que isto ten na Lista) no momento da entrega do seu finiquito.

A información relativa ós periodos de proba non superados será entregada á Comisión para o seu coñecemento.

3. Cando o candidato incurra nalgunha **falta** segundo se tipifican no **régime disciplinario** de aplicación, as sancións serán as seguintes:

- Leve -->Envío ó final da Lista.
- Grave ou moi grave -->Exclusión da Lista de Contratación.

A presentación de informes de valoración negativos sobre un traballador, equipárase cunha falta leve, a sanción será aplicada directamente pola Fundación, ofrecendo logo información á Comisión de Seguemento, quen revisará cada caso e decidirá si se mantén ou non a sanción.

3.4 SUBSANACIÓN DE ERROS:

No suposto de que se constatará algún erro na aplicación das normas de xestión de listas, a *Comisión* quedará facultada para estudar cada caso concreto e decidir o procedemento de subsanación, sempre e cando este non entre en contradicción coa normativa laboral vixente.

A decisión tomada pola Comisión deberá formalizarse por escrito e será de aplicación inmediata.